



PARLAMENTO  
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

X legislatura  
Número 367  
8 de outubro de 2018



## SUMARIO

---

### 1. Procedementos parlamentarios

#### 1.3. Procedementos de control e impulso

##### 1.3.6. Proposicións non de lei

##### 1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

##### 1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

#### COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

#### Retirada iniciativa en Comisión

##### I 36176 (10/POC-005764)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e 2 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para facer máis visible e pór en valor o traballo das mulleres nos ámbitos da ciencia e da tecnoloxía, así como as súas intencións respecto do desenvolvemento dunha campaña institucional nos medios de comunicación [123299](#)

#### Rexeitamento da iniciativa

##### I 32403 (10/PNC-002645)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas condicións e situación laboral do persoal que traballa nos arquivos [123299](#)

##### I 35407 (10/PNC-002850)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre o mantemento polo Goberno galego da escolarización na escola unitaria de San Mateo de Oliveira, pertencente ao Colexio Rural Agrupado A Picaraña, de Ponteareas, así como o estudo da posibilidade de manter nela o alumnado de 1º e 2º de primaria [123299](#)

### 2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

#### 2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

##### 2.2.1. Composición do Pleno

I Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 5 de outubro de 2018, polo que se declara vacante o escano ocupado polo deputado D. Silvestre José Balseiros Guinarte [123300](#)

I Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 8 de outubro de 2018, pola que se toma coñecemento do acordo da Xunta Electoral de Galicia polo que se proclama deputada electa do Parlamento de Galicia a Dª Rosa Oubiña Solla [123300](#)

## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.3. Procedementos de control e impulso

#### 1.3.6. Proposicións non de lei

##### 1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

###### 1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

#### COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, na súa sesión do 5 de outubro de 2018, adoptou os seguintes acordos:

#### Retirada iniciativa en Comisión

- 36176 (10/POC-005764)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e 2 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para facer máis visible e pór en valor o traballo das mulleres nos ámbitos da ciencia e da tecnoloxía, así como as súas intencións respecto do desenvolvemento dunha campaña institucional nos medios de comunicación

BOPG nº 359, do 20.09.2018

#### Rexeitamento da iniciativa

- 32403 (10/PNC-002645)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas condicións e situación laboral do persoal que traballa nos arquivos

BOPG nº 323, do 20.06.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 35407 (10/PNC-002850)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre o mantemento polo Goberno galego da escolarización na escola unitaria de San Mateo de Oliveira, pertencente ao Colexio Rural Agrupado A Picaraña, de Ponteareas, así como o estudo da posibilidade de manter nela o alumnado de 1º e 2º de primaria

BOPG nº 352, do 05.09.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2018

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

## **2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento**

### **2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos**

#### **2.2.1. Composición do Pleno**

#### **Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 5 de outubro de 2018, polo que se declara vacante o escano ocupado polo deputado D. Silvestre José Balseiros Guinarte**

O día 5 de outubro de 2018 comparece perante a Presidencia do Parlamento de Galicia o deputado D. Silvestre José Balseiros Guinarte co obxecto de ratificar de xeito persoal e expreso a súa renuncia á condición de deputado.

Considerando que a renuncia foi ratificada de xeito persoal e expreso polo deputado, tendo en conta que a próxima reunión da Mesa está prevista para o día 10 de outubro de 2018, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 31 de outubro de 2016, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 9, do 8 de novembro de 2016), resolvo:

1º. Aceptar a renuncia de D. Silvestre José Balseiros Guinarte como deputado do Parlamento de Galicia e declarar vacante o escano ocupado pola circunscrición electoral de Pontevedra na lista do Partido Popular de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 21.4 do Regulamento.

2º. Notificar esta resolución ao interesado, ao portavoz do G. P. Popular de Galicia, á Xunta Electoral de Galicia, á Intervención e Asuntos Económicos, aos Servizos de Persoal e Réxime Interior, Tecnoloxías da Información e Asistencia Parlamentaria, subliñando que esta resolución produce plenos efectos dende o día 5 de outubro de 2018.

3º. Notificar esta resolución á Xunta Electoral de Galicia para que se dea cumprimento ao establecido no artigo 11 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia.

4º. Dar conta da presente resolución á Mesa do Parlamento de Galicia na vindeira reunión que teña lugar.

5º. Publicar esta resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2018

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

#### **Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 8 de outubro de 2018, pola que se toma coñecemento do acordo da Xunta Electoral de Galicia polo que se proclama deputada electa do Parlamento de Galicia a D<sup>a</sup> Rosa Oubiña Solla**

Examínase o acordo da Xunta Electoral do 5 de outubro de 2018 polo que se proclama candidata electa a deputada do Parlamento de Galicia a D<sup>a</sup> Rosa Oubiña Solla, candidata do Partido Popular

de Galicia pola circunscrición electoral de Pontevedra nas eleccións autonómicas do 25 de setembro de 2016, como consecuencia do cesamento como deputado de D. Silvestre José Balseiros Guinarte (doc. núm. 38274), así como a correspondente credencial que a acredita como tal (doc. núm. 38341).

A Presidencia, dado que se cumpren os requisitos legais exixidos, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 31 de outubro de 2016, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 9, do 8 de novembro de 2016), resolve:

1º. Tomar coñecemento do acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 5 de outubro de 2018, polo que se proclama candidata electa a deputada do Parlamento de Galicia a Dª Rosa Oubiña Solla, candidata do Partido Popular de Galicia pola circunscrición electoral de Pontevedra nas eleccións autonómicas do 25 de setembro de 2016, como consecuencia do cesamento como deputado de D. Silvestre José Balseiros Guinarte, con efectos xurídicos e económicos desde o 5 de outubro de 2018.

2º. Tomar coñecemento da credencial expedida polo citado órgano da administración electoral.

3º. Tomar coñecemento da incorporación ao G. P. Popular de Galicia (docs. núms. 38353 e 38354).

4º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

5º. Comunicar este acordo a Intervención e Asuntos Económicos, e aos servizos de Persoal e Réxime Interior, Tecnoloxías da Información e de Asistencia Parlamentaria.

6º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2018

Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente



PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727